

Departamento de Lingua Portuguesa

Programación Didáctica 2019/2020

IES Nosa Señora dos Ollos Grandes



1.CONTEXTO	4
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	4
CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO	4
OBXECTIVOS XERAIS SEGUNDO O CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO	4
2.DATOS DO DEPARTAMENTO	6
3.SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS	6
3º DE ESO	6
2º DE BACHARELATO	10
3. ESTÁNDARES, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS	15
3º ESO	16
2º BACHARELATO.....	17
4.METODOLOXÍA DIDÁCTICA	19
METODOLOXÍA ESPECÍFICA DA MATERIA.....	19
TIPOLOXÍA DE TEXTOS	20
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	23
5.AVALIACIÓN	25
AVALIACIÓN INICIAL.....	25
AVALIACIÓN CONTINUA.....	26
AVALIACIÓN FINAL	29
6.AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	30
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO	31
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DA PRÁCTICA DOCENTE	32
AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	35
7.ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	36
8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRACURRICULARES	37

<u>9.PLAN DE LECTURA.....</u>	<u>38</u>
<u>ANEXO. SUXESTIÓNS DE LECTURAS. RECURSOS.....</u>	<u>41</u>

1. Contexto

Características do centro

Situación

O IES “Nosa Señora dos Ollos Grandes” é un centro público de ensino secundario e Bacharelato, situado a moi pouca distancia do centro histórico da cidade de Lugo.

Centros adscritos

CEIP “Anexa” (Lugo); CEIP “Manuel Mallo Mallo” (Nadela) e CEIP “Virxe da Luz” (Portomarín).

Características singulares

Trátase dun centro urbano situado nas proximidades doutro centro de secundaria, o IES “Lucus Augusti”, un CEIP (“Anexa”), un CIFP (“Politécnico”) e da Escola Universitaria de Formación do Profesorado. A Biblioteca Nodal de Lugo fica a escasa distancia do centro, na mesma rúa.

Características do alumnado

Lingua materna dominante

Castelán na maioría do alumnado procedente da cidade e galego na maioría do alumnado procedente do medio rural.

Alumnado con NEAE no curso actual

Non hai ningún nos cursos de portugués.

Problemas sociais destacados

Non hai detectados á hora de realizar esta programación.

Outras características

Non hai características especiais, merecedoras de seren destacadas.

Obxectivos xerais segundo o contexto do centro e do alumnado

1. Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio dunha cidadanía democrática.

2. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera outra manifestación de violencia contra a muller.
4. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas; e resolver pacificamente os conflitos.
5. Desenvolver habilidades básicas no emprego das fontes de información, para obter novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, en especial as da información e a comunicación.
6. Conceber o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en asignaturas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua portuguesa, textos e mensaxes máis ou complexas.
9. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito adecuado.
10. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que teñan realizado achegas importantes á cultura e á sociedade galegas, ou a outras culturas do mundo.
11. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas; respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal; incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

12. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, empregando diversos medios de expresión e representación.
13. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galiza; participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio dese dereito.
14. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galiza e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2. Datos do departamento

Profesora	Materia	Grupos
Susana Vázquez González	2ªL Portugués	3º ESO
(Xefatura Dep.)	2ªL Portugués	2º BAC

Todas as aulas son impartidas en lingua portuguesa.

3. Secuenciación e temporalización dos contidos

3º de ESO

Esta proposta de secuenciación e temporalización é orientativa. O desenvolvemento da materia e a temporalización dos contidos virá determinado polas características de cada grupo. Non se recollen aspectos referidos á pronuncia e entoación, fundamentais na aprendizaxe da lingua por estaren condicionados polo sempre diferente grao de coñecementos do alumnado.

Con dúas sesións semanais, computamos arredor de 60 sesións ao longo do curso –xa deducidas as datas non lectivas–; dese número, deducimos 5 sesións dedicadas a probas en cada avaliación (algunhas necesitan máis de un día para o seu desenvolvemento).

2.2 Secuenciación e temporalización dos contidos de 3º de ESO						
Unidades didácticas						
Aval.	Tema	Bloques		Materiais	Temporalización	Probas
					Sesións	
1ª	1	Bloque 1.2.3.4.5	Revisión do estudado en anos anteriores	Proporcionados ou indicados polo profesorado	9	x
1ª	2	Bloque 1.2.3.4.5	<p>Cidade e campo</p> <p>Vocabulario relativo á cidade (“rua”, “avenida”, “edifício”, “prédio”, “casa”, “museu”, “biblioteca”, “monumento”, etc.)</p> <p>Espazos para vivenda e para compras</p> <p>Vocabulario relativo ao campo (“horta”, “quinta”, “herdade”, “gado”, “curral”, “trator”; actividades agrícolas)</p> <p>Vocabulario relacionado coa natureza (“rio”, “montanha”, “vale”, “floresta”, “sobral”, etc.).</p> <p>Modos de vida rural e urbana</p> <p>Pedir informacións sobre puntos de interese</p> <p>Localizar en mapas</p> <p>Falar sobre lugares na cidade e sobre o seu bairro</p> <p>Falar sobre a vida no campo</p> <p>Subordinación temporal</p> <p>Expresión do tempo (expresións, preposicións e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., são quinze para as três; em 1999), divisións (p. ex., días, meses; século; estación) e indicacións (p. ex., atrás, cedo, tarde) de tempo; duración (p. ex., de/desde...a; durante); anterioridade (ain-da; ontem); posterioridade (depois, logo, próxima segun-da-feira); secuencia (primeiro, depois, finalmente); simultaneidade (ao mesmo tempo); frecuencia (p. ex., geralmen-te; usualmente).</p> <p>Diferenza entre “estar” e “ficar”</p>	Proporcionados ou indicados polo profesorado	9	x

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

			<p>Contracción das preposicións “em”, “de”, “por” e “a”</p> <p>Diferenza entre “a”, “para” e “por”. Rexime das preposicións máis elementares</p> <p>Localização da capital e das cidades das rexións do norte, centro, sul e ilhas no mapa de Portugal.</p> <p>Identificación das localidades portuguesas que coñece.</p> <p>Identificación de fronteiras de Portugal</p> <p>Freguesía, concello, distrito</p>			
2ª	3		<p>Viaxes e medios de transporte</p> <p>Medios de transporte (“autocarro”, “metro”, “eléctrico”, “barco”, “comboio”, “carro”, “bicicleta”, “mota”)</p> <p>Estación de tren/autobuses, aeroporto</p> <p>Horarios de transportes</p> <p>Direccións</p> <p>Léxico relacionado com viaxes e vacacións</p> <p>Chegada a um país/cidade</p> <p>Axencia de viaxes /de aluguer</p> <p>Hoteis e outros tipos de aloxamentos</p> <p>Excursións</p> <p>Obter e dar informacións</p> <p>Preguntar e identificar percursos e itinerarios</p> <p>Obter e dar enderezos</p> <p>Reservar um aloxamento</p> <p>Cubrir formularios</p> <p>Pedir explicacións e esclarecementos</p> <p>Subordinación te lugar</p> <p>Expresión do espazo (conxuncións, preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, dirección, orixe e acomodación).</p> <p>Demonstrativos asociados aos adverbios de lugar (“aquí”, “ali”, “al” e “além”)</p> <p>Adverbio e locucións adverbiais de tempo (“já”, “nunca”, “ainda não”, “sempre”, “às vezes”)</p> <p>Numerais ordinais</p> <p>Medios de transporte utilizados en Portugal e noutros países</p> <p>Comportamento e actitude nos transportes públicos</p>	Proporcionados ou indicados polo profesorado	9	x
2ª	4	Bloque 1.2.3.4.5	<p>O Tempo</p> <p>Clima, tempo atmosférico</p> <p>Previsións meteorolóxicas</p> <p>Divisións territoriais</p>	Proporcionados ou indicados polo profesorado	9	x

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

			<p>Falar sobre o estado do tempo Expressar opinións e hipóteses Expresar preferencias. Debater</p> <p>Pretérito imperfecto do Indicativo dos verbos regulares da 1.ª, 2.ª e 3.ª conxugacións e dos verbos irregulares mais frecuentes (“ir”, “vir”, “fazer”, “querer”, “poder”, “saber”, etc.) “pensar” + infinitivo Futuro próximo co verbo “ir” e Futuro simple dos verbos regulares da 1.ª, 2.ª e 3.ª conxugacións e dos verbos irregulares mais frecuentes (“ir”, “vir”, “fazer”, “querer”, “poder”, “saber”, etc.)</p> <p>Tempo e previsións en Portugal e noutros países lusófonos. Cultura e clima</p>			
3ª	5	Bloque 1.2.3.4.5	<p>Saúde</p> <p>Os órganos do corpo humano Vocabulario relacionado coa saúde e coidados médicos: doenzas, síntomas, exames de diagnóstico, tipos de medicamentos e outros tratamentos</p> <p>Marcar unha consulta Describir síntomas Facer preguntas e seguir instrucións sobre diagnóstico e tratamento Expresar desexos</p> <p>Verbos opinativos (“achar”, “julgar”, etc.) Pretérito perfecto composto do indicativo dos verbos regulares das 1.ª, 2.ª e 3.ª conxugacións e dos verbos irregulares mais frecuentes (e.g. “ir”, “vir”, “fazer”, “querer”, “poder”, “saber”, etc.)</p> <p>Comparación entre estilos de vida (hábitos alimentares e de saúde, actividade física, etc.) portugueses e os da Galiza Comparación entre os coidados de saúde en Portugal e na Galiza (centros de saúde, hospitais, clínicas, etc.)</p>	Proporcionados ou indicados polo profesorado	9	x
3ª	6	Bloque 1.2.3.4.5	<p>Experiencias persoais: pasado, presente e futuro</p> <p>Relación entre accións e momentos do pasado Hábitos do pasado Momentos do pasado Roteiros de vacacións Léxico relacionado con vacacións (pasadas ou futuras) Léxico referente a momentos de vida especiais e</p>	Proporcionados ou indicados polo profesorado	9	x

		<p>planos futuros</p> <p>Relatar feitos, actividades ou acontecementos vividos</p> <p>Comparar hábitos do pasado con hábitos do presente ou do futuro</p> <p>Facer planos para un futuro próximo</p> <p>Participios regulares e irregulares mais frecuentes</p> <p>Antepretérito composto do indicativo: usos e diferenzas co tempo simple usado na lingua galega</p> <p>Personalidades históricas de Portugal</p> <p>Acontecementos relevantes da historia de Portugal</p>			
--	--	---	--	--	--

Para o primeiro cuadrimestre, o libro de lectura será: Mafalda MOUTINHO, *O segredo do mapa egípcio*, Ed. Dom Quixote. O do segundo cuadrimestre, nesta altura, está aínda sen determinar.

2º de Bacharelato

Esta proposta de secuenciación e temporalización é orientativa. O desenvolvemento da materia e a temporalización dos contidos virá determinado polas características de cada grupo. Non se recollen aspectos referidos á pronuncia e entoación, fundamentais na aprendizaxe da lingua por estaren condicionados polo sempre diferente grao de coñecementos do alumnado.

Con tres sesións semanais, computamos arredor de 64 sesións ao longo do curso –xa deducidas as datas non lectivas-; dese número, deducimos 5 sesións dedicadas a probas en cada avaliación (algunhas necesitan máis de un día para o seu desenvolvemento).

2.4 Secuenciación e temporalización dos contidos de 2º de BAC						
Unidades didácticas						
Aval.	Tema	Bloques		Materiais	Temporalización	Probas
					Sesións	

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

1ª	1	Bloque 1.2.3.4.5	Actualización do estudado en anos anteriores	Proporcionados ou indicados polo profesorado	9	x
1ª	2	Bloque 1.2.3.4.5	<p>Tempo libre</p> <p>Nomes de deportes e dos equipamentos deportivos Nomes das actividades de lecer Programas da TV, filmes, pezas de teatro, concertos, artes plásticas, etc. Vocabulario relativo a encontros informais (“discoteca”, “festas”, “acampamentos”, etc.) Radio (vocabulario esencial dos programas que ouve) Revistas (vocabulario esencial dos artigos que le de acordo cos seus intereses)</p> <p>Falar do tempo libre Interaxir con amigos sobre a programación televisiva Contar o esencial da historia dun filme Relatar feitos, actividades ou acontecementos Facer, aceptar e recusar convites Dar xustificacións</p> <p>Expresións adverbiais de lugar (“em casa”, “no treino”, “no cinema”, “na discoteca”, “no museu”...) Pronomes persoais. Complementos Pretérito perfecto dos verbos da 3.ª conxugación e dos verbos irregulares máis frecuentes Conxuncións causais</p> <p>Deportes máis practicados en Portugal e na Galiza Actividades de lecer típicas dos países lusófonos Músicas, filmes e programas de televisión, banda deseñada preferidos polo alumnado Museos representativos da arte nos países lusófonos</p>	Proporcionados ou indicados polo profesorado	9	x
1ª/2ª	3	Bloque 1.2.3.4.5	<p>Cidade e campo</p> <p>Vocabulario relativo á cidade (“rua”, “avenida”, “edificio”, “prédio”, “casa”, “museu”, “biblioteca”, “monumento”, etc.) Espazos de “habitação” e de compras Vocabulario relativo ao campo (“horta”, “quinta”, “herdade”, “gado”, “curral”, “trator”; actividades agrícolas) Vocabulario relacionado coa natureza (“rio”, “montanha”, “vale”, “floresta”, “sobral”, etc.) Modos de vida rural e citadina</p> <p>Pedir informacións sobre puntos de interese Localizar moradas en mapas</p>	Proporcionados ou indicados polo profesorado	9	x

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

			<p>Falar sobre locais na cidade e sobre o seu bairro Falar sobre a vida no campo</p> <p>Subordinación: conxuncións e locucións temporais Diferenza entre “a”, “para” e “por” O infinitivo persoal</p> <p>Localización da capital e das cidades das rexións norte, centro, sul e illas no mapa de Portugal. Identificación das principais localidades portuguesas Identificação de fronteiras de Portugal Freguesia, concello, distrito</p>			
2ª	4	Bloque 1.2.3.4.5	<p>Viaxes e medios de transporte</p> <p>Medios de transporte (“autocarro”, “metro”, “eléctrico”, “barco”, “comboio”, “carro”, “bicicleta”, “mota”) Estacións e aeroportos Horarios de transportes Direccións Léxico relacionado con viaxes e vacacións Chegada a un país/cidade Axencia de viaxes Hoteis e hospedaxes Excursións Turismo</p> <p>Obter e dar informacións Perguntar e identificar percursos e itinerarios Obter e dar enderezos e direccións Reservar un aloxamento Encher formularios Pedir explicacións e esclarecementos</p> <p>Verbos de movemento + preposicións e locucións prepositivas Numerais ordinais Adverbios e locucións adverbiais de tempo (“já”, “nunca”, “ainda não”, “sempre”, “às vezes”) Demostrativos asociados aos adverbios de lugar (“aqui”, “ali”, “aí” e “além”)</p> <p>Medios de transporte utilizados en Portugal e noutros países Comportamento e actitude nos transportes públicos</p>	Proporcionados ou indicados polo profesorado	9	x
2ª/3ª	5	Bloque 1.2.3.4.5	<p>Experiencias persoais. Memorias e proxectos</p> <p>Relación entre accións e momentos do pasado Hábitos do pasado</p>	Proporcionados ou indicados polo profesorado	9	x

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

			<p>Momentos do pasado Roteiros de vacacións Léxico relacionado con vacacións (pasadas ou futuras) Léxico referente a momentos de vida especiais e planos futuros</p> <p>Relatar feitos, actividades ou acontecementos vividos Comparar hábitos do pasado con hábitos do presente Saudar adecuadamente cando se escribe Utilizar servizos postais Redixir textos sobre acontecementos ou experiencias persoais pasadas (cartas, postais, biografías...) Facer planos para un futuro próximo</p> <p>Pretérito imperfecto do Indicativo dos verbos regulares da 1.ª, 2.ª e 3.ª conxugacións e dos verbos irregulares mais frecuentes (“ir”, “vir”, “fazer”, “querer”, “poder”, “saber”, etc.) Futuro próximo co verbo “ir” e Futuro simple dos verbos regulares da 1.ª, 2.ª e 3.ª conxugacións e dos verbos irregulares mais frecuentes (“ir”, “vir”, “fazer”, “querer”, “poder”, “saber”, etc.) . Futuro do subxuntivo (l) “acabar de” + infinitivo</p> <p>Comparación de hábitos e experiencias pasadas no propio país con hábitos e vivencias en Portugal ou en outros países</p>			
3ª	6	Bloque 1.2.3.4.5	<p>Saúde</p> <p>O corpo humano Vocabulario relacionado coa saúde e coidados médicos: doenzas, síntomas, exames de diagnóstico, tipos de medicamentos e outros tratamentos Vocabulario científico relacionado co corpo humano e coa saúde</p> <p>Marcar unha consulta Describir síntomas Facer preguntas e seguir instrucións sobre diagnóstico e tratamento Expresar desexos Debater asuntos relacionadas coa saúde (por exemplo, envellecemento, hixiene, beleza, obesidade, etc.) Escribir sobre temas relacionados co corpo humano e a saúde</p> <p>Verbos opinativos (“achar”, “julgar”, etc.) Pretérito perfecto e antepretérito compostos do</p>	Proporcionados ou indicados polo profesorado	9	x

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

			<p>indicativo dos verbos regulares das 1.ª, 2.ª e 3.ª conxugacións e dos verbos irregulares máis frecuentes (“ir”, “vir”, “fazer”, “querer”, “poder”, “saber”, etc.)</p> <p>Participios regulares</p> <p>Verbos modais</p> <p>Comparación entre estilos de vida (hábitos alimentares e de saúde, actividade física, etc.) portugueses e galegos</p> <p>Comparación entre os cuidados de saúde en Portugal e na Galiza (centros de saúde, hospitais, clínicas, etc.)</p>			
3ª	7	Bloque 1.2.3.4.5	<p>Mundo do traballo</p> <p>Profesións</p> <p>Vocabulario relativo a profesións máis comúns</p> <p>Anuncios de emprego</p> <p>Vocabulario para descrición de condicións de traballo</p> <p>Vocabulario relevante para áreas temáticas relacionadas co mundo do traballo</p> <p>Pedir/dar informacións sobre diferentes profesións</p> <p>Describir ambicións profesionais</p> <p>Comparar información de anuncios para emprego</p> <p>Redixir un currículo</p> <p>Escribir unha carta formal de resposta a un anuncio de emprego</p> <p>Interaxir nunha entrevista de emprego</p> <p>Expresar e xustificar opinións e debater sobre temas relacionados co mundo do traballo (como, por exemplo, emigración/inmigración e desemprego)</p> <p>Subordinación: conxuncións e locucións finais, condicionais e concesivas</p> <p>Presente e pretérito do subxuntivo dos verbos regulares das 1.ª, 2.ª e 3.ª conxugacións e dos verbos irregulares máis frecuentes (e.g. “ir”, “vir”, “fazer”, “querer”, “poder”, “saber”, etc.)</p> <p>Futuro do subxuntivo (II)</p> <p>Subordinadas comparativas</p> <p>Profesións tradicionais portuguesas e galegas</p> <p>Horarios e hábitos de traballo</p> <p>Festivos e vacacións</p>	Proporcionados ou indicados polo profesorado	8	x

Para o primeiro cuadrimestre, o libro de lectura será: Marco NEVES, *A incrível história secreta da língua portuguesa*, Ed. Guerra&Paz. O do segundo cuadrimestre, nesta altura, está aínda sen determinar.

3. Estándares, criterios de cualificación, instrumentos de evaluación e competencias

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

3º ESO

Estándares de aprendizaxe avaliábeis /Indicadores de logro	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación
--	---

Identif. contidos	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao consecución estándar //Peso cualificación c. bloque	mínimo c.	Instrumentos			Transversais
						Probas escritas / orais	Produtos	Obs.	
B.1 comprensión de textos orais	SLEP B1.1	ccl/caa/csc/ccec	Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas.	50%/20%	20%	60%	20%	20%	EOE / CA / TIC / EC
	SLEP B1.2	ccl/caa/csc/ccec/cd	Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	50%/20%		60%	20%	20%	
	SLEP B1.3	ccl/caa/csc/ccec/cd	Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.	50%/20%		60%	20%	20%	
	SLEP B1.4	ccl/caa/csc/ccec	Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	50%/20%		60%	20%	20%	
	SLEPB1.5	ccl/caa/csc/csiee/ccec	Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	50%/20%		60%	20%	20%	
	SLEP B1.6	ccl/caa/csc/ccec/cd	Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiás predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.	50%/20%		60%	20%	20%	
B.2 Producción de textos orais	SLEP B2.1	ccl/caa/csc/ccec/csicc/cd	Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.	50%/20%	20%	60%	20%	20%	EOE / CA / TIC / EC
	SLEP B2.2	ccl/caa/csc/ccec/csicc/cd	Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.	50%/20%		60%	20%	20%	
	SLEP B2.3	ccl/caa/csc/ccec/csicc/cd	Participa en conversas informais breves, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, se intercambia información e se expresan opinións de xeito sinxelo e breve, se fan invitacións e ofrecementos, se piden e se ofrecen cousas, se piden e se dan indicacións ou instrucións, ou se discuten os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, expresando o acordo ou o desacordo de xeito moi básico.	50%/20%		60%	20%	20%	
	SLEP B2.4	ccl/caa/ccec/csc/	Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.	50%/20%		60%	20%	20%	
B.3 Comprensión de textos escritos	SLEP B3.1	ccl/caa/csc/ccec/cd	Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.	50%/20%		60%	20%	20%	CL/EOE / CA / TIC / EC

	SLEP B3.2	ccl/caa/csc/ccec/cd	Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (por exemplo, unha máquina expendedora), así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (por exemplo, nun centro docente).	50%/20%	20%	60%	20%	20%
	SLEP B3.3	ccl/caa/csc/ccec/cd	Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	50%/20%		60%	20%	20%
	SLEP B3.4	ccl/caa/csc/ccec/cd	Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).	50%/20%		60%	20%	20%
	SLEP B3.5	ccl/caa/csc/ccec/cd	Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poda reler as seccións difíciles.	50%/20%		60%	20%	20%
B.4Producción de textos escritos	SLEP B4.1	ccl/cd/caa/ccec/csc/csiee	Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e nivel escolar.	50%/	20%	60%	20%	20%
	SLEP B4.2	ccl/cd/caa/ccec/csc/csiee	Completa un cuestionario sinxelo con información per soal moi básica e relativa aos seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, dirección, gustos, etc).	50%/20%		60%	20%	20%
	SLEP B4.3	ccl/cd/caa/ccec/csc/csiee	Escribe notas, listaxes, postais felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelos e breves, relativos a necesidades inmediatas.	50%/20%		60%	20%	20%
	SLEP B4.4	ccl/cd/caa/ccec/csc/csiee	Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar...) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa de ordenada.	50%/20%		60%	20%	20%
B.5Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe	SLEP B5.1	ccl/caa/csc/ccec	Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	50%/20%	20%	60%	20%	20%
	SLEP B5.2	ccl/caa/csc/ccec/cd	Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	50%/20%		60%	20%	20%
	SLEP B5.3	ccl/caa/csc/ccec	Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias da lingua galega.	50%/20%		60%	20%	20%
	SLEP B5.4	ccl/caa/ccsc/ccec/cd/csiee	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	50%/20%		60%	20%	20%
SLEP B5.5	ccl/caa/csc/ccec	Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.	50%/20%	60%	20%	20%		

CL/ EOE / CA / TIC / EC

CL / EOE / CA / TIC / EC

Contidos sintáctico-discursivos

- Expresión de relacións lóxicas: adición (*e, nem, e também, e também não*); *disxunción (ou, ou...ou)*; *oposición/contraste (mas, mesmo assim)*; *causa (porque; por isso; como)*; *finalidade (para + Inf.)*; *comparación (mais/menos/ tão + Adj./Adv.+ (do) que/ como /quanto; maior / mais pequeno...;* superlativo absoluto (*-íssimo, -lmo*); resultado (*assim, por isso*); condición (*se, sem*); discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes).
- Relacións temporais (*antes, agora, depois, em seguida, logo, enquanto*).
- Afirmación (*sentenzas declarativas afirmativas; proforma: p. ex. eu também; certamente*).
- Exclamación (formas elípticas: *Que (+ Subst.) + Adj., p. ex. Que día lindo!; Que gentil!*); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. *Puxa, este PC está muito caro! Está bom!*).
- Negación (*sentenzas declarativas negativas con não, nunca; nada, nenhum(a), ninguém; proforma, p. ex., eu também não, eu tampouco*).
- Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., *Quem fez o quê? Para que é isso?*); *interrogativas tags (p. ex., Queres ir ao cinema, não queres?); interrogativas eco e duplas*).
- Expresión do tempo: pasado (pretérito imperfecto, perfecto simple e perfecto composto); presente (presente); futuro (presente do indicativo + Adv.; futuro simple; haver-de)...
- Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (estar a + Inf., presente, pretérito imperfecto e pretérito perfecto composto do indicativo; futuro simple; continuar + Ger.); habitual (tempos simples (+ Adv.), p. ex. No verão está calor); incoativo (*começar a + Inf.*); iterativo (*pretérito imperfecto do indicativo; prefixo re-, p. ex. reler*); terminativo (pretérito perfecto *simple simples* e composto; acabar de + Inf.).
- Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); permiso (poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.), intención (pensar + Inf.; querer de /ter de + Inf., pretérito imperfecto gostar de + Inf.), capacidade (é capaz de + Inf.; saber); posibilidade/probabilidade (*poder; dever; ser possível / impossível + Inf.; talvez*); obrigatoriedade (imperativo; *ter que /de, dever*); prohibición (imperativo negativo); necesidade (ser preciso / necessário + Inf.).
- Expresión da existencia (p. ex., ser, estar, haver/ter); a entidade (substantivos contables/incontables/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/tónicos); determinantes); a calidade e o grao (-íssimo, -lmo; muito raro; melhor).
- Expresión da cantidade: (singular/plural; numerais cardinais e ordinais); indefinida, absoluta (p. ex. todo(a), maioria, ambos(as), nenhum(a)...) ou relativa (p. ex. muito; tão; um pouco); definida (multiplicativos e partitivos).
- Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, dirección, orixe e acomodación).
- Expresión do tempo (expresións, preposicións e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., são quinze para as três; em 1999), divisións (p. ex., días, meses; século; estación) e indicacións (p. ex., atrás, cedo, tarde) de tempo; duración (p. ex., de/desde...a; durante); anterioridade (ainda; ontem); posterioridade (depois, logo, próxima segunda-feira); secuencia (primeiro, depois, finalmente); simultaneidade (ao mesmo tempo); frecuencia (p. ex., geralmente; usualmente).
- Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., devagar, pior).

En todos os bloques, valorarase a actitude do alumnado, interese, comportamento, respecto, puntualidade, o traballo na clase, deberes, material etc. No caso de algún dos bloques ficar sen impartir, de forma xustificada, o seu peso repartirase ponderadamente entre o resto.

Os estándares de aprendizaxe son xerais; é tarefa de aula relacionalos cos contidos de cada unidade. Tamén é preciso considerar que, a pesar de cada

Identif. contidos	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución estándar//Peso cualificación c. bloque		Instrumentos			Transversais
						Probas escritas / orais	Produtos	Obs.	
B.1 Comprensión de textos orais	SLEP B1.1	ccl/caa/csc/ccec	Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.	50%	20%	60%	20%	20%	EOE / CA / TIC / EC
	SLEP B1.2	ccl/caa/csc/ccec/cd	Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.	50%		60%	20%	20%	
	SLEP B1.3	ccl/caa/csc/ccec	Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	50%		60%	20%	20%	
	SLEP B1.4	ccl/caa/csc/ccec/cd	Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles	50%		60%	20%	20%	
	SLEP B1.5	ccl/caa/csc/ccec	Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito.	50%		60%	20%	20%	
	SLEP B1.6	ccl/caa/csc/ccec/cd	Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturadas e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.	50%		60%	20%	20%	
B.2.Produción de textos orais	SLEP B2.1	ccl/caa/csc/ccec/cd	Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.	50%	20%	60%	20%	20%	EOE / CA / TIC / EC
	SLEP B2.2	ccl/caa/csc/ccec	Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media	50%		60%	20%	20%	
	SLEP B2.3	ccl/caa/csc/ccec	Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.	50%		60%	20%	20%	
	SLEP B2.4	ccl/caa/csc/ccec/cd	Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadia noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.	50%		60%	20%	20%	
	SLEP B2.5	ccl/caa/csc/ccec/cd	Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.	50%		60%	20%	20%	
B.3.Comprensión de textos escritos	SLEP B3.1	ccl/caa/csc/ccec/cd	Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida releer as seccións difíciles.	50%	20%	60%	20%	20%	CL/ EOE / CA / TIC / EC
	SLEP B3.2		Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de	50%		60%	20%	20%	

LENDA
COMPETE
NCIAS

LEN
DA
TRANSVER
SAIS

CCL
Co
municación
lingüística

CL
Co
mprensión
lectora
CMCCT

Competen
cia

matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía

CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

EOE Expresión oral e escrita

CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

En todos os cursos, os estándares de aprendizaxe son xerais; é tarefa de aula relacionalos cos contidos de cada unidade. Tamén é preciso considerar que, a pesar de cada unidade presentar contidos novos e tratándose dunha lingua, os coñecementos previos non se poden esquecer pola súa necesidade tanto para a produción como para a comprensión lingüística. Serán avalíaábeis sempre, ao longo do ano lectivo.

No caso de algún dos bloques ficar sen impartir, de forma xustificada, o seu peso repartirase ponderadamente entre o resto.

4. Metodoloxía didáctica

Metodoloxía específica da materia

A aprendizaxe que propomos parte da consideración do texto como unidade comunicativa ou de discurso, o que obriga a traballar a súa validez como tal. A coherencia en relación ao contexto ou situación en que se produce ou interpreta e a cohesión ou organización interna para posibilitar a súa produción e interpretación adecuadas son, polo tanto, imprescindíbeis.

Coherencia

- Asociar enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizalos (fórmulas de cortesía, saúdos, despedidas).
- Adaptar formas de tratamento e fórmulas sociais básicas (saúdos, despedidas) á relación social co interlocutor/a.
- Seleccionar o léxico e as estruturas adecuadas para alcanzar o propósito comunicativo.
- Adaptarse ás características, organización básica e formato dos textos orais e escritos a que se enfrenta ou que produce.
- Utilizar recursos deícticos básicos para garantir a coherencia espazo-temporal.

Cohesión

- Utilizar recursos simples para iniciar, desenvolver ou concluír un texto escrito ou oral (dirixirse a alguén, tomar a palabra).
- Utilizar os recursos básicos de puntuación, seguindo as regras e convencións propias dos textos.
- Utilizar os padróns básicos de entoación adecuados á situación comunicativa.
- Manter, de forma incipiente, a concordancia na estrutura do texto para encadrar a mensaxe.
- Usar conectores básicos para conectar grupos de palabras.

Tipoloxía de textos

O texto é interpretado como secuencia discursiva falada ou escrita que se relaciona cun ámbito ou situación específica e que constitúe o eixo da actividade lingüística, como produto ou como proceso, na realización de unha tarefa calquera.

Velaí a lista de textos orais e escritos, cuxa complexidade será a apropiada ao nivel do alumnado:

Oral:

- Anuncios (instrucións e indicacións)
- Contactos sociais
 - Conversas face a face
 - Presentacións
 - Entrevistas
 - Audios
 - Vídeos
 - Músicas
 - audiolibros

Escrito:

- Fichas, formularios e cuestionarios.
- Listados horarios, catálogos, páxinas amarelas, guías e folletos.
- Correspondencia persoal (cartas, postais, correos electrónicos, invitacións, felicitacións, cartóns de visita).
- Anuncios (instrucións e indicacións).
- Carteis, letreiros e sinais.
- Ementas
- Textos literarios adecuados ao nivel. **Libros**
- Textos de publicacións periódicas

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

- Textos da web
- Banda deseñada
- Manuais de instrucións
- Notas e mensaxes
- Dicionarios

As orientacións metodolóxicas teñen como obxectivo fundamental contribuír para que o alumnado desenvolva a competencia comunicativa a través das catro destrezas básicas: comprensión oral, comprensión escrita, produción oral e produción escrita. Farase especial énfase na comunicación oral, que debe ter como referente situacións comunicativas variadas, dentro de contextos debidamente adaptados a cada nivel de aprendizaxe. Os intercambios comunicativos daranse en dous tipos de situacións: as habituais de clase e as creadas polo profesorado. Para iso, resulta imprescindible realizar un esforzo na práctica docente que asegure e poña en primeiro plano a adquisición de destrezas orais, como alicerces básicos da comunicación. Fomentar a participación oral é unha tarefa complicada, que se vai intentar lograr implicando o alumnado desde o inicio da clase. Así, perante o tema, procurarase unha sensibilización que permita introducir o texto ou mostra real do que derivará a clase. Tras a audición, lectura ou conversa por parte do alumnado (comprensión escrita ou oral), o profesorado convida os alumnos e alumnas a expresaren as súas reaccións ante a mostra, as súas opinións, a súa comprensión... resolvendo ou procurando solucións conxuntas ás dúbidas; será desas dúbidas de onde se deriven as explicacións que sexan necesarias e mesmo os exercicios gramaticais.

Así, ao longo de cada unidade, sen seguir unha orde estrita, traballaremos Comprensión Oral e Escrita; Expresión Oral e Escrita e Interacción oral. Con este obxectivo realizaranse, para alén de probas escritas, probas orais que valoren o esforzo e o progreso do alumnado e o motiven para continuar desenvolvendo a súa competencia oral.

Nas primeiras leccións, tratarase de lles proporcionar unha confianza nos seus coñecementos da lingua portuguesa, facéndoos conscientes dos mesmos grazas ao uso da lingua galega, animándoos, así, a confiaren nas altas posibilidades de formularen actos de fala correctos e a evitaren o medo ao ridículo que se adoita encontrar nas aulas.

Intentaremos tratar e recoñecer o erro como parte integrante e orientadora do proceso de aprendizaxe e como algo natural, do mesma xeito que ocorre na lingua que usan habitualmente.

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

As actividades de aprendizaxe constitúen o núcleo da planificación didáctica e nelas intégranse os obxectivos, contidos e avaliación. No deseño das actividades, teremos en conta as etapas a seguir no seu desenvolvemento, os coñecementos do alumnado, as destrezas e estratexias que teñen e/ou aplican, os logros finais que se pretenden conseguir e as posibilidades de adaptación á diversidade da aula.

O método que utilizamos pretende que o alumnado aprenda as novas estruturas e o novo vocabulario, nomeadamente os “falsos amigos” dunha forma funcional. O obxectivo de cada unidade é sempre dar información sobre diferentes aspectos da cultura e a vida cotiá portuguesa e lusófona; coñecendo a cultura, costumes e tradicións portuguesas (e lusófonas, segundo os niveis), o alumnado terá que usar as estruturas e o vocabulario aprendido para comparar a cultura estranxeira coa propia, aprendendo, á vez, a respectar a diversidade.

Teñen especial interese os diversos textos -cartas, diálogos, tiras de banda deseñada, mapas... que o profesorado deberá completar con outros materiais reais que considere oportunos e teña á súa disposición (xornais, revistas, cómics, publicidade...). Mais, dada a prioridade que concedemos á oralidade, faise indispensable a actuación do profesorado, que debe ocuparse pola correcta e clara articulación das palabras; os xestos, a repetición, a boa articulación.... serán axuda para o alumnado. Documentos de audio e vídeo que, dunha forma mínima, permitan a inmersión fónica na lingua van ser, pois, imprescindíbeis. Aliás, cada unidade conta cun apartado de Oralidade, que intenta chamar a atención sobre a pronuncia peculiar dalgúns grafemas do portugués.

Por outra parte, na aprendizaxe dunha lingua é normal que todo o que se estuda supoña un repaso do aprendido anteriormente, mais, neste caso, tamén contamos con Unidades de Revisión .

Co obxectivo de reforzar o aprendido en clase, e avanzar ao mesmo tempo, propóranse nalguna ocasión exercicios para casa, como redaccións, cartas, lecturas de pequenos textos, exercicios interactivos, etc. É claro que a corrección destes exercicios faise de xeito común, en clase, participando todos niso.

As unidades están organizadas de maneira que, a partir de diálogos (auditivos, en moitos casos) ou textos escritos, se presentan os diferentes aspectos gramaticais e o vocabulario, fuxindo

das listas de campos semánticos. As formas gramaticais extraíense de textos e exercítanse até a integración no discurso da alumna ou alumno.

O mesmo ocorre coa oralidade: búscase a interacción verbal profesorado-alumnado ou alumnado-alumnado; a partir de temas suxeridos nas mostras reais de fala, con preguntas directas, por exemplo, ou suscitando debates, diálogos, sempre orientados á integración do aprendido.

En definitiva, trátase dunha metodoloxía moi activa e participativa, en que a profesora é unha facilitadora de aprendizaxe, que ten que conseguir a motivación no alumnado con estratexias e recursos atractivos.

Materiais e recursos didácticos

Non utilizaremos un libro de texto determinado. En todo caso, a profesora pode guiarse polo manual que considere máis adecuado dos que existen no mercado. Con todo, por agora, non existe unha obra destas características que se adecúe ao alumnado galego, que parte dun coñecemento da lingua portuguesa superior, en aspectos varios, do que se atinxe con calquera manual de portugués para estranxeiros dos niveis elementares. Esta é a razón da flexibilidade dos contidos que se ofrecerán, susceptíbeis de se adaptaren á experiencia e avance do alumnado.

A nosa realidade lingüística aconséllanos, pois, a utilizarmos nas aulas, outros materiais -de elaboración propia ou non- que achegará a profesora (na asociación [Docentes de português na Galiza](#), elaboramos e disponibilizamos materiais didácticos de interese para o ensino do portugués a alumnado galego). Especial atención deberán ter os recursos de aula relacionados coa expresión oral, a que máis difire da lingua portuguesa. Así, recorreremos ao uso de CDs, gravacións de Mp3, podcast, entrevistas; filmes, músicas... Para a escrita, textos de diferentes tipos, mapas e planos reais, publicacións periódicas, receitas, menús, billetes, etc.

Especialmente nos cursos de ESO, a falta de libro de texto pode chocar cos costumes do alumnado e coa falta de hábito para organizar apuntamentos. A profesora debe, entón, axudar nese cometido e ofrecerlle orientacións e supervisión frecuente dos seus cadernos. A propia profesora distribuirá un material con contidos mínimos para seguir as aulas, ben en copias, ben grazas a medios virtuais (aula virtual, google drive...) ou servíndose de ambos os recursos.

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

Alén diso, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación deberán incorporarse á práctica docente da aula como ferramentas habituais de comunicación e aprendizaxe. O alumnado debe adquirir as destrezas que lle permitan ser protagonista do seu proceso de aprendizaxe e non mero receptor de información. Á súa vez, deberá aprender a protexerse e protexer os demais dun uso inadecuado das TIC e, mediante elas, deberá desenvolver actitudes de interese, respecto e aceptación doutras realidades culturais diferentes, concibindo as TIC como unha fiestra aberta ao mundo. Neste caso, se nos for facilitado o uso de computadores e Internet nalgunha sesión semanal, poderemos, así, acceder a diferentes recursos educativos e doutro tipo, sempre relacionados coa lingua portuguesa. Utilizaremos como medio de aprendizaxe a aula virtual que temos no [edmodo](#). Son de grande interese para o traballo na aula, algúns sites vinculados coa docencia do portugués na Galiza: ademais do citado de [Docentes de Português na Galiza](#), son de interese [A língua no estendal](#) ou [Lusopatia](#).

Nas aulas, o profesorado e o alumnado serviranse regularmente das posibilidades de traballo colaborativo. Está tamén previsto o traballo colaborativo con alumnado de similar nivel de estudos e com coñecementos de portugués de Portugal e/ou de outros países europeos, grazas á participación en diversas plataformas ou por medio de cartas en formato estándar.

Materiais de reforzo:

Na onda do português (1 e 2). Ana Maria Bayan Ferreira. Helena José Bayan. Ed. Lidel.

Português atual. Textos e exercícios 1. Marta Silva. Ed. Lidel

Português atual. Textos e exercícios 2. Hermínia Malcata. Ed. Lidel

Falas português?. Português língua não materna. B1. Susete Albino e Manuel Castro. Porto Editora

Falas português?. Português língua não materna. B2. Ana Paula Dias e Paulo Militão. Porto Editora

Portugués XXI. Ana Tavares. Q.E.C.R. Nivel A1/A2/B1/B2

Português para todos 1, 2, 3 e 4 . H. J. Ferreira Montero e F. J. Pereira Zagalo. Luso-española de ediciones.

Portugalizar, Português para galegofalantes, Elisabete Ramos. Ed. Xerais

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

Português a toda rapidez, Direcção-Geral de Inovação e de Desenvolvimento Curricular North Westminster School of London, Lidel

Gramática de português para estrangeiros. Lígia Arruda. Porto Editora

Olá! Como está? Curso intensivo de língua portuguesa. Leonete Carmo, Lidel

Navegar em português 1, Departamento de Educação Básica North Westminster School of London, Lidel

Entre nós 1, Método de português para hispanofalantes, Ana Cristina Dias, Q.E.C.R. Níveis A1/A2, B1/B2 Lidel.

Recursos didácticos en <http://www.agal-gz.org/planeta/front/>, en <http://cvc.instituto-camoes.pt/area-aprender> e en <http://www.portuguesparanos.com/login/index.php>

5. Avaliación

Avaliación inicial

Realizarase no inicio do curso -no mes de outubro- para verificar o nivel, as especificidades e as necesidades do alumnado, co fin de orientar adecuadamente o proceso de ensino-aprendizaxe.

Para alén de detectar o nivel de proficiencia en lingua portuguesa, esta prospección inicial visa coñecer tamén o grao xeral de competencia lingüística e comunicativa e a lingua de uso habitual do alumnado e do seu medio familiar e social.

A avaliación asentará, no relativo á oralidade, na conversa do profesorado co alumnado e, para a comprensión oral, nunha proba adecuada ao coñecemento que se presupón no nivel en que se inicia. Para a comprensión e expresión escritas, realizarase tamén unha proba sinxela, con similares características.

Avaliación continua

- Avaliacións ordinarias

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

Avaliación formativa (informativa).

A avaliación formativa será aplicada ao longo de cada avaliación de tres maneiras: avaliación continuada informativa, autoavaliación informativa e co-avaliación informativa.

Avaliación cualificativa.

En cada avaliación realizarase unha avaliación cualificativa, o mesmo que nas convocatorias extraordinarias.

A avaliación debe ser entendida como un instrumento para verificar e valorar o grao de competencia comunicativa do alumnado, como unha ferramenta que ofrece información e permite reflexionar sobre todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Neste departamento, a avaliación continua será feita pola profesora e polo alumnado (autoavaliación e co-avaliación).

Na avaliación continua serán tidos en conta os seguintes instrumentos:

Instrumentos de avaliación:

a) Probas

Unha ou varias en cada avaliación considerando as diferentes destrezas (comprensión/ expresión escrita e competencia estrutural; comprensión oral e expresión oral) con adecuación aos bloques de contidos e estándares de aprendizaxe.

b) Produtos.

- Pequenas probas ou testes, tarefas, actividades e exercicios de aula.
- Interacción oral co profesorado e cos colegas, real ou de simulación (comprar-vender, pedir...),
- Debates, exposicións orais...
- Proxectos e traballos colaborativos ou individuais, composicións, comprensións orais e escritas, actividades de expresión orais e escritas, lecturas ...

c) Observación

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

- Vontade de aprender; progresión e avances.
- Participación e colaboración.
- Materiais: adecuación, organización, presentación... (en 2º de ESO realizarase en cada avaliación, no mínimo, un control do caderno de traballo).
- Mediación, máxime cando os niveis do alumnado son diferentes.

É **importante** considerar que, en todos os bloques de contidos, se valorará a actitude do alumnado, interese, respecto, puntualidade, o traballo na clase, deberes, material etc.

En todos os cursos, os estándares de aprendizaxe son xerais; é tarefa de aula relacionalos cos contidos de cada unidade. Tamén é preciso considerar que, a pesar de cada unidade presentar contidos novos e tratándose dunha lingua, os coñecementos previos non se poden esquecer pola necesidade tanto para a produción como para a comprensión lingüística. Serán avaliábeis sempre, ao longo do ano lectivo.

Non se avalía unicamente un resultado positivo ou negativo na realización dunha tarefa. Avaliar non só é cualificar. Alén diso, non só as catro destrezas serán obxecto da avaliación continuada. Tamén o conxunto da competencia lingüística, comunicativa, interferencias lingüísticas, léxico e mediación será avaliado a través de probas, tarefas e actividades *ad hoc* (con uso da lingua escrita e oral) ou tamén por medio das probas, tarefas e actividades habituais de comprensión e de expresión (oral, escrita ou ambas).

A avaliación continua será aplicada constantemente á lingua oral (expresión, comprensión e interacción) pois a cada momento das intervencións do alumnado nas aulas a profesora fará microavaliacións informativas (expresións do tipo “muito bem”, “ótimo”, “tem de pronunciar as sonoras”, “quando for, não quando seja”, “vaia não, é vá”... ou repetir unha palabra ou secuencia para o alumnado se autocorrixir...). Dunha maneira un pouco menos rápida en aplicación de resultados, mais tamén en acto de avaliación continua será a anotación de resultados de expresión e interacción orais, co obxectivo de avaliar aspectos relativos á competencia na oralidade, nas intervencións nas aulas, en debates, en actividades de simulación, etc.

Criterios de cualificación

3º ESO e 2º de Bacharelato

Con un 70% da nota :

A media dos resultados das probas obxectivas para medir o grao de consecución dos contidos exixíbeis en cada curso, aplicados ás diferentes destrezas: *escribir, falar, ler e escoitar*.

No mínimo, unha proba en cada avaliación que demostre o coñecemento das diferentes destrezas: proba de comprensión/expresión escrita e competencia estrutural; proba de comprensión oral; proba de expresión-interacción oral. Sempre se adecuarán aos bloques de contidos e estándares de aprendizaxe.

- No caso de obter en 2 probas menos do 25% do valor total da mesma, a avaliación non poderá ser aprobada
- Caso se detecte o uso de métodos fraudulentos nalgunha das probas, a cualificación da proba en cuestión será de 0 e a avaliación non poderá ser aprobada.

Con un 30% da nota avaliaranse os Produtos (20%) e o observado polo profesorado no día a día (10%):

- **Produtos**
 - ✓ Lecturas, proxectos, redaccións ou actividades requiridas ou propostas, realizadas puntualmente, limpas e axustadas ao tema que se propuxo. Probas puntuais menores, lecturas, preguntas en clase, etc.
 - ✓ Traballo diario do alumnado en clase, incluída a súa participación activa e colaboración nas actividades propostas.
 - ✓ Vontade de aprender: progresión nas diferentes destrezas
- **Observación:**

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

- ✓ Puntualidade e respecto a todos os membros da comunidade educativa, ao material común e ao particular.
- ✓ Mediación entre compañeiras e compañeiros
- ✓ Asistencia a clase co material necesario para traballar (apuntamentos propios ou material entregado polo profesorado, caderno, bolígrafo, etc).
- ✓ Limpeza, orde e puntualidade no seu traballo diario.

Sendo continua a avaliación, non se realizarán, salvo ao final do curso para a os bloques de comprensión e produción de textos escritos, probas específicas para a recuperación de exames ou avaliacións. Cada nova proba ou avaliación suporá unha actualización (recuperación) do anterior.

Aquelas persoas que non superasen a 3ª avaliación, poderán optar a unha proba escrita final. Consideramos que a expresión e comprensión oral non son recuperábeis nun tempo tan breve como o que media entre as probas da terceira avaliación e a de recuperación; é por iso que non existirá un exame específico para as recuperar. A nota da proba escrita suplirá a das partes equivalentes da 3ª avaliación e, por tanto, computará como tal na nota media final, conforme se explica nos criterios de cualificación.

Nas diferentes avaliacións, cando a nota media non corresponder a números enteiros, redondearase para o número inmediatamente superior ou inferior, segundo supere ou sexa inferior ao medio punto.

Avaliación final

A nota da avaliación final será similar, no xeral, –e non inferior- á da 3ª avaliación, podendo superala até nun punto, no caso de o alumnado manifestar unha clara tendencia de superación continuada ao longo do ano académico.

Na cualificación final, cando a nota media da terceira avaliación non corresponder a números enteiros, redondearase para o número inmediatamente superior ou inferior, segundo supere ou sexa inferior ao medio punto.

- **Avaliacións extraordinarias xuño e setembro .**

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

Nestas avaliacións, a cualificación basearase nunha proba de comprensión/expresión escrita e competencia estrutural, e de comprensión/expresión-interacción oral de acordo aos bloques de contidos e estándares de aprendizaxe. O resultado constituirá o 100% da nota da avaliación.

Caso se detecte o uso de métodos fraudulentos na realización da proba, a cualificación da mesma será de 0 e a avaliación non poderá ser aprobada.

Materias pendentes de cursos anteriores

No presente ano académico, non temos alumnado nesta situación.

6. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Durante o ano académico farase un seguimento regular da programación nas reunións de seminario e, ao final de cada avaliación, avaliarase:

- O cumprimento da temporalización
- Logro dos obxectivos
- Dificultades encontradas
- Cumprimento dos acordos
- Idoneidade dos recursos
- Necesidades detectadas
- Resultados conseguidos
- Adecuación da metodoloxía aos resultados conseguidos na avaliación
- Valoración dos criterios de cualificación

Con este fin, responderanse, regularmente os diferentes Indicadores de Logro, conforme o cadro que presentamos na páxina seguinte.

Alén diso, no fin do ano académico, pedirase ao alumnado para responder un inquérito sobre o desenvolvemento da práctica docente.

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

Na Memoria de final de curso, analizaranse as deficiencias e adecuación, segundo o caso, observadas á hora de pór en práctica a programación.

Canto aos **Indicadores de logro**, a medida establececerase entre o 1 e o 5, do seguinte xeito:

- Nunca (1)
- Poucas veces (2)
- A miúdo (3)
- Case sempre (4)
- Sempre (5)

Estes Indicadores de Logro cubriranse cos resultados da enquisa para a **Avaliación do Labor Docente** realizada polo alumnado de xeito anónimo, a través dun formulario virtual.

Indicadores de logro do proceso de ensino

INDICADORES	1	2	3	4	5
1. O nivel de dificultade, en xeral, foi adecuado ás características do alumnado.					
2. As actividades para desenvolver a competencia oral eran axeitadas para o curso-grupo					
3. As actividades para desenvolver a competencia escrita eran axeitadas para o curso-grupo					
4. Combinouse adecuadamente explicación por parte da profesora e práctica.					
5. As actividades foron, en xeral, motivadoras					
6. Combináronse axeitadamente as actividades TIC con actividades tradicionais					
7 As actividades TIC resultaron motivadoras					
8. O emprego de música e de vídeos-musicais axudou no proceso de aprendizaxe					
9. O emprego de filmes axudou no proceso de aprendizaxe					
10. Os textos escritos e diferentes fichas entregadas axudaban no proceso de aprendizaxe					
11. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado.					

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

12. Usáronse distintos instrumentos de avaliación para atender os diferentes aspectos.						
--	--	--	--	--	--	--

Indicadores de logro do proceso da práctica docente

Para o profesorado:

DIMENSIÓN	INDICADORES	1	2	3	4	5
Planificación	1. Ten en conta os estándares de aprendizaxe.					
	2. Ten en conta os plans e proxectos educativos do centro.					
	3. Ten en conta o tempo dispoñíbel para o desenvolvemento da materia.					
	4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado.					
	5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.					
	6. Planifica as clases de modo flexíbel, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.					
	7. Estabelece, de forma explícita, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.					
	8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).					
	9. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente.					
DIMENSIÓN	INDICADORES	1	2	3	4	5
	1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...)					
	2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.					
	3. Mostra predisposición para esclarecer dúbidas dentro e fóra das clases.					

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

Desenvolvemento	4. Optimiza o tempo dispoñíbel para o desenvolvemento das Unidades didácticas.						
	5. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula.						
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado.						
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensíbel para os alumnos e as alumnas.						
	8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe.						
	9. Presenta actividades de grupo e individuais.						
	10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,...)						
	11. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.						
	12. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.						
	13. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como poder melloralas.						
	14. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.						
	15. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información.						
	16. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.						
	17. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.						
	18. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.						
	19. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.						

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

	20. Informa dos resultados os estudantes e as súas familias					
DIMENSIÓN	INDICADORES	1	2	3	4	5
Motivación ao alumnado	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.					
	2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).					
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.					
	4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades detectadas.					
	5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.					
	6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.					
	7. Promove a reflexión sobre os temas tratados.					

Para o alumnado:

INDICADORES	1	2	3	4
• Fago con regularidade as tarefas propostas polo profesorado.				
• Entrego os traballos segundo as indicacións dadas polo profesorado e na data acordada				
• Participo activamente (achego ideas, axudo a resolver problemas, realizo a miña parte do traballo) nos traballos propostos en equipo.				
• Pregúntolle ao profesorado as dúbidas..				
• Solicito a axuda e a aprobación frecuente do profesorado.				
• Estou satisfeito do meu traballo				
• As cualificacións obtidas reflicten o meu esforzo e traballo.				
• Asisto regularme a clase.				
• Teño frecuentemente faltas de puntualidade				
• Xustifico os meus atrasos e faltas de asistencia ao/á titor/-a				

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

• Preocúpome por poñerme ao día na materia cando falto a clase.				
• Adopto unha actitude respectuosa co profesorado.				
• Adopto unha actitude respectuosa co alumnado.				
• Asumo responsabilidades.				
• Teño unha actitude positiva cara ao estudo				
• O que aprendo nunha materia aplícoo e relaciónoo con outras.				

Código: 1 (*nunca*); 2(*poucas veces*); 3 (*case sempre*), 4(*sempre*).

Avaliación da programación didáctica

A programación didáctica vaise revisar segundo se vaian acabando as diferentes unidades didácticas, mais tamén durante a implementación das mesmas, xa que nos podemos deparar con determinados contidos que é preciso acrecentar ou eliminar segundo se foren desenvolvendo as diferentes unidades.

No momento da revisión, ao detectárense necesidades, pasaranse a incluír actividades para potenciar a oralidade, a escrita ou os contidos socioculturais que virmos necesarios.

Indicadores	1	2	3	4	5
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.					
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.					
3. O desenvolvemento da programación responde á secuenciación e á temporalización previstas.					
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.					
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.					
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.					
10. Fixación dunha estratexia metodolóxica común co resto de departamentos de linguas (TIL)					

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
12. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
13. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación final					
14. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación extraordinaria.					
15. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.					
16. Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.					
17. Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre os criterios de promoción.					
18. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					
19. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.					
20. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.					
21. Adecuación dos criterios estabelecidos para o seguimento de materias pendentes.					
22. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación desas materias pendentes.					
23. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.					
24. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.					
25. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.					

7. Atención á diversidade

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Segundo o *Decreto 86/2015* debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

- Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Teñan altas capacidades intelectuais.
- Se viron obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

A diversidade queda tamén reflectida nas diferenzas que presentan alumnas e a alumnos canto a:

- Os seus coñecementos previos.
- As súas ideas e representacións respecto da materia.
- Os seus intereses e expectativas.
- As súas aptitudes.
- Os seus diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Os seus diferentes estilos de aprendizaxe.

Na medida das nosas posibilidades, teremos en conta estas diferenzas e trataremos de que todo o alumnado adquiera un nivel de coñecementos e destrezas mínimos ao final e cada curso, procurando dar as oportunidades e os medios necesarios para compensar os elementos e destrezas non adquiridos no seu momento. Ao mesmo tempo, o profesorado terá que buscar novas fontes e materiais para satisfacer as necesidades de ampliación daqueles alumnos que alcancen máis rapidamente os obxectivos fixados. Todo isto compaxinando métodos máis visuais, máis analíticos... para se adaptar a eses diferentes estilos de aprendizaxe de que falábamos.

Ante un alumno ou alumna que presenta algún tipo de dificultade, a profesora deberá pensar na forma de o axudar a superar as súas dificultades, cobrando especial importancia as actitudes relacionadas coa valoración que o alumnado fai sobre a súa capacidade de utilizar e entender a lingua. O desenvolvemento dos hábitos de traballo pode contribuír notabelmente a superar moitas dificultades que se encontran na aprendizaxe da lingua estranxeira.

Consideramos que a aprendizaxe de linguas estranxeiras contribúe á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global, favorecendo o desenvolvemento da súa personalidade, tendo en conta as distintas capacidades e ritmos de aprendizaxe, compensando as desigualdades e axudando á integración social.

Sintetizando, os principios básicos para o tratamento co alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios as actividades de aprendizaxe integradas responderán a tipoloxías e agrupamentos variados –favorecendo en moitos casos os agrupamentos flexíbeis– e gradadas en

dificultade. No caso de que sexa preciso o profesorado elaborará materiais adaptados, así como probas específicas.

O alumnado con necesidades específicas terá unha adaptación destes instrumentos conforme as súas necesidades. Basicamente esta adaptación consistirá:

- ◆ Exames escritos máis curtos, con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario o máis sinxelo posíbel. No entanto, estes exames teñen que ir adaptados ao nivel de estudos que cursa o alumno/a.
- ◆ Deixar máis tempo para a os exames e probas escritas, ser flexíbeis na súa duración e mesmo dividilas en dúas sesións
- ◆ Cando se observa que os exames escritos fican incompletos, completalos de forma oral

8. Actividades complementarias e extracurriculares

Para alén de actividades que poidan xurdir ao longo do ano na cidade e relacionadas co mundo da lusofonía (teatro, charlas, músicas...), prográmanse a seguintes actividades:

- Palestra, no segundo trimestre, para o alumnado de 4º de ESO do profesor Manuel Miragaia Doldán sobre a relación lingüística entre Galiza e Portugal.
- Obradoiros do Portugués Simple (OPs) para o alumnado de 3º de ESO. Nestes poderán comprobar a utilidade e facilidade, para os galegos, de achegarnos ao mundo do portugués. Realizarase no mes de maio.
- Saída co alumnado de portugués ás escolas de referencia deste centro, para falárenlles da revolución do 25 de abril. Farase nas datas próximas ao 25 de abril (21 ou 22 deste mes).
- Viaxe a Portugal: estadía de 2 ou 3 días no Porto, ou se non for posíbel noutra cidade portuguesa, na semana previa as vacacións da Páscoa (días 2, 3 de abril) para alumnado de portugués. As prazas sobrantas ofreceranse ao alumnado de 4º de ESO que participe nunha actividade proposta polo profesorado de portugués. Esta actividade servirá para achegáranse á lingua portuguesa e amosar o seu interese por esta cultura. Na viaxe desenvolverase un proxecto curricular determinado que obrigue os nosos alumnos e alumnas a relacionárense utilizando a

lingua portuguesa e descubriendo, así, a funcionalidade do seu estudo. Deste xeito poderán rendibilizar a súa aprendizaxe previa.

- Sendo posíbel, proxecto colaborativo con profesorado e alumnado de escolas portuguesas ou de outros países que estuden portugués.

9. Plan de lectura

Un obxectivo primordial no ensino de linguas é formar lectores e lectoras competentes, isto é, que lean comprensivamente, que saiban interpretar o que len, que sexan capaces de emitir xuízos críticos, que reformulen e transformen contidos, que escriban para expresar e comunicar.

Así, o profesorado deste departamento empregará na aula os tres tipos principais de lectura, aplicábeis a todo tipo de documento escrito, sexa cal for o formato ou soporte (libro, álbum, revista, xornal, páxina web, vídeo, folleto...):

- Lectura previa ou de aproximación global ao tema. Convén dar certas claves de lectura (estrutura do tema, preguntas ás que pretende responder o tema, interrelacións entre conceptos e contexto...).
- Lectura lenta e minuciosa para comprender as partes do texto . A intervención e colaboración do profesorado é moi importante. É conveniente ler co alumnado e traballar os textos en clase por medio do subliñado, esquemas, resumos, mapas conceptuais...
- Lectura de síntese ou asimilación para elaborar de forma persoal e reter significativamente os conceptos e as súas relacións.

É importante subliñar que a lectura en voz alta -primeiramente por parte do profesorado- facilita a comprensión lectora e axuda a melloralala, máxime no caso do ensino do portugués.

Por outra parte, a escrita constitúe unha dimensión fundamental da lectura comprensiva e non é exaxerado afirmar que o acto de escribir convértese, cando é consciente, no modo máis operativo de comprender. Escribir permite o coñecemento sobre o contido temático e sobre o propio coñecemento. Dito doutro modo, unha persoa asimila mellor algo cando é capaz de expresar por escrito o que sabe.

Departamento de Portugués. Programación Didáctica 2019/2020

É por iso que, nas nosas aulas, trataremos de incentivar a realización de traballos de investigación breves en que o alumnado deberá buscar, seleccionar e tratar a información para responder ao reto plantexado polo docente ou polo grupo e o docente.

Neste tipo de traballos, o profesorado explicará claramente o que se pretende con eles e o que espera do alumnado, para o cal lle proporcionará, no mínimo:

- Un roteiro que conteña os aspectos a tratar.
- A bibliografía a consultar, tanto se se trata de documentos impresos, como se son páxinas web.
- Unha explicación do formato no que quere que se lle presente o resultado do traballo e as normas de presentación do mesmo.

Fica ao criterio do profesorado, en función dos coñecementos e nivel do alumnado, a selección de obras/textos; no entanto, a lectura formará parte da aprendizaxe en todos os cursos. No mínimo é recomendábel un libro por curso.

Segundo a adecuación do material textual da biblioteca do centro, a profesora escollerá o que considerar máis oportuno. Sirvan como exemplo as obras literarias que seguen en Anexo ou outras que se estimen, poden ser unha opción.

En anexo e no intuito de compensar as carencias da biblioteca do centro, incluimos un listado de posíbeis lecturas en diferentes formatos, acompañado de algúns recursos complementares para a lectura.

Lugo, 17 de outubro de 2019

Profesora da materia e xefa do departamento: Susana Vázquez González

Anexo. Sugestões de lecturas. Recursos

Posíveis lecturas. Recursos

ÍNDICE

1. Recursos na Internet.
2. Nota breve de livros em português que foram usados em clubes da Galiza com bons resultados.
3. Sugestões de literatura infanto-juvenil experimentada em centros de ensino/clubes de leitura.
4. Outras sugestões, não experimentadas.
5. Sugestões de banda desenhada e manga educativo.
6. Dicionários online de português recomendados para o acompanhamento das leituras.

1. RECURSOS NA INTERNET

Acesso a livros digitais

- Livros digitais gratuitos em português:

<http://lerebooks.wordpress.com/ebooksgartuitos/>

- Plano nacional de leitura (PNL).

<http://www.planonacionaldeleitura.gov.pt/escolas/livrosrecomendados.php?idLivrosAreas=4>

- Biblioteca digital:

<http://www.planonacionaldeleitura.gov.pt/bibliotecadigital/in>

<dex.php?idades=4>

(Aqui, alguns livros para ler e escutar on line).

- Biblioteca digital Camões:

Inclui muitos livros em pdf para descarregar. Tem uma secção de livro infantil.

<http://cvc.institutocamoes.pt/conhecer/bibliotecadigitalcamoes.Html>

- Domínio Público: site brasileiro com livros acessíveis online. Clicando em “literatura infantil em português”, acedemos a mais de 20 títulos em pdf.

<http://www.dominiopublico.gov.br/pesquisa/PesquisaObraForm.jsp>

- Download de contos do *Diário de Notícias*: <http://www.dn.pt/Especiais/bibliotecadigital.aspx>

(São contos assinados por autores contemporâneos. Só faz falta inscrever-se no portal do jornal para ter acesso aos textos).

- Contos fantásticos de clássicos:

<http://riesemberg.blogspot.com.es/search/label/Charles%20Dickens>

- Textos diversos:

<http://www.recantodasletras.com.br/>

Sites e blogues sobre livros

- Casa da leitura

<http://www.casadaleitura.org/>

A Casa da Leitura, da Fundação Calouste Gulbenkian, fornece 2 vastas referências bibliográficas sobre leitura em geral e resenhas de mais de 1400 títulos de literatura infantil e juvenil. Os contactos das pessoas responsáveis constam no site, e podem ser de alguma utilidade na hora de estabelecer contactos com clubes de leitura em Portugal.

- Portal da Literatura:

<http://www.portaldaliteratura.com/>

Informação sobre livros e autores.

- Serviço de apoio à leitura, do Ministério da Cultura

<http://sal.iplb.pt/Recursos.php>

- Um local onde ler e trabalhar com leituras: [Catalivros](#)

- A praça da poesia

<http://pracadapoesia.blogspot.com/>

- Letra pequena: blogue de literatura para crianças.

<http://blogues.publico.pt/letrapequena/>

- Centro de recursos e investigação sobre literatura para a infância e juventude.

<http://www.boasleituras.com/Escritores.htm>

- Bedeteca de Lisboa: inclui assessoramento para criar uma secção de banda desenhada numa biblioteca.

<http://www.bedeteca.com/>

- Segredo dos livros

<http://www.segredodoslivros.com>

- O bicho dos livros: sugestões para leituras infantis, juvenis, álbum ilustrado, etc.

<http://www.obichodoslivros.blogspot.com.es/>

- Site dedicado aos livros das autoras de literatura infanto-juvenil Ana Maria Magalhães e Isabel Alçada:

<http://www.umaaventura.pt/>

- Lista de blogues literários:

<http://www.lendo.org/200blogsliterarios/>

2. Livros que já foram usados por algum clube de leitura ou em contexto de aulas com bons resultados

- Astrid Lingren: *Emílio dentro da terrina*. As seguintes ligações dão acesso ao texto e áudios:

<https://www.box.com/shared/ucrtvssede> (texto)

<https://www.box.com/shared/92ov9t7bub> (na voz da atriz Rita Branco)

<http://emiliodentrotaterrina.blogspot.com.es/2010/08/lancamentodoaudiobookcomruiunas.html>

(Na voz do autor Rui Unas)

<https://www.box.com/shared/kt53am6eja> (Em banda desenhada)

- Ana M^ª Magalhães e Isabel Alçada: *Uma aventura em Lisboa, Uma aventura na escola*
- Francisco José Viegas: *Morte no Estádio*.
- Germano Almeida: *O testamento do senhor Napumoceno*. Há filme.
- José Mauro Vasconcelos: *Meu Pé de Laranja Lima*.
- José Saramago: *Conto da Ilha desconhecida*. O conto está disponível na Internet.
- Geronimo Stilton: *O mistério da ilha esmeralda*
- Helena Marques: *O Último Cais*.
- Inês Pedrosa: *A instrução dos amantes*.
- João Aguiar: *A encomendação das almas*.

Departamento de Português. Programación Didáctica 2019/2020

- João Aguiar: *Verba volent, scripta manent*. Incluído no livro *O prazer da leitura* de vários autores, publicado pela Fnac/ed. Teorema. 2008.
- Jorge Amado: *O gato malhado e a andorinha sinhá*.
- Leo Lionni: *Frederico* (Álbum ilustrado).
- Mário de Carvalho: *Casos do Beco das Sardinheiras*.
- Mia Couto: *Estórias Abensonhadas*.
- Mia Couto: *Jesusalém*.
- Mia Couto: *Na berma de nenhuma estrada*.
- Miguel Torga: *Contos da Montanha*.
- Miguel Torga: *Bichos*.
- Pepetela, *O planalto e a estepe*.
- Pepetela, *A montanha de água lilás*.
- Ondjaki: *Bom dia Camaradas*.
- Rui Zink: *Um romance e Amanhã chegam as águas*. O primeiro relato pode conseguirse aquí: <http://www.dn.pt/Especiais/bibliotecadigital.aspx>

O segundo está incluído na coletânea *Onde a terra acaba*, disponibilizada na Biblioteca Virtual do Instituto Camões.

- Tim Bowley: Villán, Óscar, *Contos do mundo* (Ed. Kalandraka).
- Sophia de Mello Breyner Andresen, *A menina do mar*.
- Sophia de Mello Breyner Andresen, *O Cavaleiro da Dinamarca*.
- VA.: *O Conto Brasileiro Contemporâneo*. Ed. Latiovento

3. SUGESTÕES DE LITERATURA INFANTO-JUVENIL

(pode dar jeito para iniciantes em português)

- Sophie Strady (texto) e Anouck Boisrobert/Louis Rigaud (ilustração): *Na floresta da preguiça*. Bruá editora.

Tem atividades aqui:

<http://www.bruaa.pt/atividades/actividadesfloresta.pdf>

- Ana Pessoa/Bernardo Carvalho: *O Caderno Vermelho da Rapariga Karateca*. Planeta Tangerina (Album ilustrado).
- Leo Lionni: *Frederick*. Kalandraka
- Isabel Minhós Martins/Bernardo Carvalho: *A grande invasão*. Planeta Tangerina (Livro ilustrado).
- Isabel Minhós Martins/Yara Kono: *A manta. Uma história aos quadrinhos*. Planeta Tangerina.
- Menena Cottin e Rosana Faría: *O livro negro das cores*. Bruá ed.
- Mia Couto: *O Beijo da Palavrinha*. Bertrand ed.
- Manuel Jorge Marmelo e Maria Miguel Marmelo (texto), Simona Traina (ilustração): *A menina gigante*. Campo das Letras
- Maria Teresa Maia Gonzalez: *A lua de Joana*. Audiolivro: <http://luadejoana.podomatic.com/>

4. OUTRAS SUGESTÕES NÃO EXPERIMENTADAS

- Catarina Sobral: *Greve e Achimpa (Banda Desenhada)*.
- Mário de Carvalho: *A Inaudita Guerra da Avenida Gago Coutinho e Outras Histórias*. Caminho.
- Ondjaki: *A Bicicleta Que Tinha Bigodes*.
- Ondjaki: *Momentos de Aqui*. Ed. Caminho.
- Ondjaki: *Os da Minha Rua*. Ed. Caminho.
- Roald Dalh: *O dedo Mágico*. Ed. Terramar.

- Rui Zink: *Anibaleitor*. Ed. Teorema
- Tuiavii de Tiavea: *O Papalagui. Discursos de Tuiavii Chefe de Tribo de Tiavéa nos Mares do Sul*. Antígona ed.
- Víria Moeta, *Às voltas com um sonho*.

<http://peganolivro.wordpress.com/2013/05/21/asvoltascomumsonhoviriamoea/>

- VVAA, *Mestres do terror*. Edição galega da Édizer.

5. SUGESTÕES DE BANDA DESENHADA E MANGA EDUCATIVO

Ykids: *Marie Curie* Ed. Bertrand

Ykids: *Mahatma Ghandi* Ed. Bertrand

Ykids: *Einstein* Ed. Bertrand

6. DICIONÁRIOS ONLINE RECOMENDADOS PARA APOIAR A LEITURA EM PORTUGUÊS.

1. Dicionários Monolingues:

www.priberam.pt

Português europeu. Excelente ferramenta com dicionários, corretores, conjugadores, etc.

www.infopédia.pt

Dicionário mono e multilingue disponibilizado pela Porto Editora

<http://www.estraviz.org/>

Dicionário online da variedade galega do português.

<http://michaelis.uol.com.br/>

Variedade brasileira.

<http://www.dicionariodoaurelio.com/>

Variedade brasileira.

2. Dicionários bilingues:

www.wordreference.com

Inclui informação de Portugal e do Brasil. Mostra numerosas soluções

www.infopédia.pt

Ao clicar em “22 dicionários” abre-se um menu com dicionários de todo o tipo. Nos bilingues, tem menos informação do que o Wordreference, mas neste caso as equivalências correspondem ao português europeu.

3. Linguagem informal:

<http://www.dicionarioinformal.com.br/>

Este dicionário inclui vocabulário informal que às vezes não consta nos anteriormente referidos.